

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 21 DE XULLO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Proxecto de Lei de acción voluntaria.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: acondicionamento da conexión das estradas AC-552, AC-551 e DP-0394. Clave: AC/11/049.01. Importe: dez millóns catrocentos sesenta e oito mil novecentos cincuenta e seis euros con corenta e sete céntimos (10.468.956,47 €).

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 312/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar.
- Decreto polo que se dispón que cese José Manuel Álvarez-Campana Gallo como presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia.
- Decreto polo que se nomea presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia a José Juan Durán Hermida.

## ACORDOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan para a posta en marcha da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia e para a integración dos servizos tecnolóxicos da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias e "R" Cable e Telecomunicacións Galicia, S.A., para a posta en marcha dunha canle en televisión dixital con servizos interactivos en materia de emerxencias e protección cidadá.

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Clúster da Pizarra de Galicia, en materia de prevención de riscos e establecer un anticipo do 80% do importe da subvención, sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, por importe de catrocentos cincuenta mil euros (450.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) e o Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), para a definición e posta en práctica das actuacións de apoio público para o desenvolvemento das enerxías renovables no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2011, por importe dun millón oito mil euros (1.008.000,00 €).

### CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Valga, para os traballos de escavación arqueolóxica, consolidación e acondicionamento para a posta en valor do xacemento arqueolóxico de Igrexa Vella de Santa Comba de Louro (Valga-Pontevedra), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013, por un importe total de cento trinta e cinco mil novecentos trinta e seis euros (135.936,00 €).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe respecto da situación da seca en Galicia e previsión cara ao verán.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe-memoria do Instituto Galego de Consumo 2010.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre o balance de actividades do primeiro semestre de 2011 da Fundación Illa de San Simón.

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

## **A NOVA LEI DE ACCIÓN VOLUNTARIA DE GALICIA COMEZARÁ A SÚA TRAMITACIÓN PARLAMENTARIA NO ÚLTIMO TRIMESTRE DESTE ANO**

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe o anteproxecto de lei que ten por obxecto modificar o texto actual, que data do ano 2000, é introducir melloras e adaptar a Lei ás novas liñas do voluntariado da Unión Europea***
- ***Unha das principais novidades do texto é que permitirá os voluntarios obter certificacións da súas actividades***
- ***A normativa tamén inclúe a creación do Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, que se constituirá como un órgano único e público que asumirá as funcións de cualificación, inscrición e certificación***
- ***Outra ferramenta que inclúe a lei é o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, que promoverá a obtención de datos estatísticos demandados polas institucións da Unión Europea***
- ***Este ano conmemórase, ademais, o Ano europeo do Voluntariado, para o que a Xunta ten planificado unha programación especial, na que se inclúe a organización do Congreso estatal de Voluntariado***

A nova Lei de acción voluntaria de Galicia comezará a súa tramitación parlamentaria antes de finais de ano. De feito, segundo a tramitación habitual, prevese que poida entrar na Cámara galega a partir do próximo mes de outubro.

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a este anteproxecto de nova normativa, que vén substituír o texto actual, que data do ano 2000. Cabe destacar que, entre os distintos trámites que xa ten superado, esta nova lei foi aprobada polo Consello Galego de Voluntariado por unanimidade. Ademais, o pasado mes de outubro o anteproxecto foi presentado na Feira Galega do Voluntariado, unha vez incorporadas as achegas feitas polas entidades. Así mesmo, o texto foi sometido ao ditame do Consello Económico e Social (CES).

De feito, o texto é froito dun proceso de “debate e participación pública”, que se iniciou cun documento previo de bases que foi obxecto de exame e discusión en diferentes foros de expertos, e contrastado coas entidades en encontros a nivel provincial. A través da participación, quíxose ter en conta o labor fundamental que desenvolven estas entidades, que realizaron as súas achegas a este proceso.

Na actualidade, estímase que o 17 por cento da poboación de Galicia é voluntaria ou participou en algunha acción voluntaria. No Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria da Xunta existen a data de hoxe 758 asociacións inscritas, que suman 33.000 voluntarios aproximadamente.

A lei estrutúrase do seguinte xeito: exposición de motivos, tres títulos (disposicións xerais, dos suxeitos de acción voluntaria e das administracións públicas), disposicións adicionais, transitorias, derogatorias e finais.

Xa no que se refire ao contido do anteproxecto, é preciso subliñar que o obxectivo principal desta modificación é introducir melloras na lei, facela máis eficiente e, ao tempo, adaptala ás novas liñas de voluntariado da Unión Europea. Precisamente, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado iniciou a elaboración do anteproxecto cando a UE emitiu o informe sobre as novas pautas a seguir no tocante ao ámbito do voluntariado. Ademais, cabe destacar que o novo texto inclúe modificacións significativas que teñen como finalidade reforzar o papel que xogan as entidades de acción voluntaria.

### **Certificacións e o Rexistro**

Con todo, cabería salientar como gran novidade que esta nova normativa introducirá a posibilidade de que os voluntarios poidan obter certificacións da súa participación nas actividades que desenvolvan. Deste xeito, poderán acreditar un historial persoal que valide e recoñeza a experiencia adquirida durante o proceso de voluntariado.

De feito, o anteproxecto de lei contempla a remisión das certificacións ao rexistro de entidades de acción voluntaria, que non se limitará a ser un rexistro de asociacións. Por iso, o obxectivo é crear unha sección encargada do depósito da documentación remitida en relación con estas certificacións.

Así, outra ferramenta que establece a lei é o “Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia”, que se constituirá como un “órgano único e público” que asumirá as funcións de cualificación, inscrición e certificación. Deste xeito, as entidades deberán estar inscritas neste rexistro para poder recibir subvencións e axudas por parte das administracións públicas de Galicia.

O rexistro funcionará de xeito coordinado co Rexistro de Entidades de Voluntariado de Protección Civil e Emerxencias. Ademais, a inscrición no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, que deberá ser instada pola entidade mediante solicitude, será requisito necesario para que as asociacións poidan recibir axudas das administracións públicas de Galicia e poidan subscribir convenios. Para a correcta inscrición no rexistro, as entidades terán que presentar a correspondente solicitude e a documentación que regulamentariamente se estableza.

### **Novas tecnoloxías**

Así mesmo, o anteproxecto de lei integra como sector novo de actuación da acción voluntaria o fomento de novas tecnoloxías e incorpóranse novas accións de fomento do voluntariado. En concreto, preténdese lograr unha maior continuidade temporal do compromiso das persoas voluntarias, así como promover o voluntariado nos centros educativos e fomentar a acción voluntaria corporativa que desenvolven as empresas no seu contorno económico e social.

Ademais, outorgarase un protagonismo destacado ao Consello Galego de Acción Voluntaria e créase o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, que promoverá a obtención de datos estatísticos demandados polas institucións da UE.

O Consello Galego de Acción Voluntaria configurarase como o “máximo órgano de participación, coordinación, asesoramento e consulta en materia de acción voluntaria”. Nel estarán representados -ademais da propia consellería competente na área de voluntariado- outros departamentos autonómicos, a FEGAMP, organizacións da Xuventude, as organizacións empresariais e sindicatos, as universidades galegas e representantes das entidades de acción voluntaria.

En canto ao Observatorio Galego de Acción Voluntaria, será un órgano administrativo que terá como obxectivo o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á investigación, á formación, así como á creación e ao establecemento de sistemas de información e documentación. Da súa actividade dará conta ao Consello Galego de Acción Voluntaria o cal aprobará a súa planificación anual, así como as súas liñas estratéxicas.

O Observatorio Galego de Acción Voluntaria poderá asesorar tecnicamente ás corporacións locais na realización de plans sectoriais de acción voluntaria e poderá colaborar coas universidades en proxectos de I+D+I e con figuras análogas doutras administracións públicas.

Esta ferramenta estará constituída por representantes da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, un representante do Instituto Galego de Estatística, un representante de cada unha das tres universidades galegas e dous representantes das entidades de acción voluntaria designados polo Consello Galego de Acción Voluntaria.

Outro dos aspectos que recolle a normativa é a acreditación identificativa de condición de persoa voluntaria que será expedida pola entidade de acción voluntaria e conterá, como mínimo, os datos persoais e identificativos, así como a denominación do programa no que se desenvolva a acción voluntaria.

Con respecto aos instrumentos de planificación, o texto establece que a planificación estratéxica de Galicia se canalizará a través do Plan galego de acción voluntaria 2011-2015, que será a ferramenta administrativa que determinará os criterios de planificación e coordinación das actuacións en materia de acción voluntaria.

Outros instrumentos de planificación serán os plans sectoriais elaborados pola Comunidade autónoma ou as entidades locais e os plans e proxectos elaborados polas entidades de acción voluntaria.

Cabe destacar que a propia lei establece, tamén como obriga da Administración pública, o fomento da formación, que se deseñará tendo en conta as necesidades das entidades e das sociedades en cada momento.

Por último, hai que lembrar que este ano se conmemora o Ano europeo do Voluntariado. Con motivo desta celebración, a Xunta de Galicia ten planificado unha programación especial dirixida a poñer en valor o traballo dos voluntarios. De feito, no marco destas actuacións, a Xunta encargarse de organizar o Congreso estatal de Voluntariado, que terá lugar na Coruña.

## **A XUNTA APROBA O DECRETO EXPROPIATORIO DA GLORIETA DE SABÓN, ADOPTANDO UNHA SOLUCIÓN QUE GARANTE UNHA EXECUCIÓN MÁIS RÁPIDA E CON MENOR INCIDENCIA NO TRÁFICO DURANTE AS OBRAS**

- *A construción desta infraestrutura a dous niveis suporá un investimento de 10 millóns de euros*
- *A glorieta elevada terá 28 metros de raio e estará encaixada dentro da zona axardinada da rotonda existente*
- *Permitirá soportar un volume de tráfico de máis de 50.000 vehículos ao día que entran e saen do polígono ou que proveñen das estradas A Coruña- Cee (AC-552), A Coruña-Sabón (AC-415) ou da vía que une a AG-55 con Sabón (AC-551)*
- *O proxecto tamén considera o desdoblamento da estrada AC-551, que pasará a ter dous carrís por sentido*
- *Así mesmo, o Diario Oficial de Galicia publica hoxe a aprobación do expediente de información pública e o proxecto de trazado da reordenación da glorieta*
- *O proxecto inicialmente redactado, que estivo sometido a información pública ata o 4 de febreiro, recibiu un total de 12 alegacións*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o decreto de expropiación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de acondicionamento das estradas AC-552 (A Coruña-Cee), AC-551 (AG 55 – Sabón) e DP-0394, que define a reordenación da glorieta de Sabón. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas xa ten definida a nova proposta para esta glorieta, unha solución que implica a execución desta infraestrutura viaria en menor tempo e cunha menor afección ao terreo e ao dominio público hidráulico. Para desenvolver esta infraestrutura será necesario un investimento de 10 millóns de euros.

Co novo proxecto afectarase un total de 26 predios do concello de Arteixo, mentres que, co anterior proxecto, o número de propiedades e bens afectados era de 48, o que significa case un 52% menos de ocupación. A Consellería de Medio Ambiente asignou un orzamento de case 400.000 euros para estas expropiacións.

O obxectivo desta obra consiste en solucionar á conxestión de vehículos nas estradas que dan acceso á zona industrial de Arteixo. Un dos cambios máis significativos desta infraestrutura de organización do tráfico é que pasa de tres a dous niveis.

Así, proxéctase a reordenación do tráfico mediante a execución dunha glorieta a nivel superior (sobre a actual) á que estarán conectadas as estradas AC-551, a DP-0394 e a AC-552 do lado de Vilarrodís (dirección A Coruña), mediante ramais de acceso. A glorieta elevada terá 28 metros de raio e estará encaixada dentro da zona axardinada da glorieta existente.

O proxecto tamén recolle o desdoblamento da estrada AC-551, que pasará a ter dous carrís por sentido. Ademais, co fin de reducir o tráfico dentro da glorieta actual,



proxectaranse carrís de acceso directo para os vehículos que realicen o movemento desde a AC-551 cara á AC-552 (sentido á Coruña) e para os vehículos procedentes de Arteixo (AC-552) que desexen incorporarse á AC-551. Na imaxe pódese consultar o trazado.



En definitiva, a Xunta xa ten aprobado un proxecto que optimizará a data da posta en servizo, xa que se prevé unha execución máis sinxela e rápida, con menor incidencia no tráfico durante a execución das obras.

Esta modificación, ademais das vantaxes de prazo, económicas e de menor afección, achega unha solución á saturación de tráfico, flexibilidade nos traxectos de orixe-destino, e evita unha afección de nivel freático na infraestrutura.

Na páxina da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (<http://www.cmati.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/2917>) está á disposición dos interesados un documento coa planta do proxecto de trazado aprobado.

A nova glorieta permitirá soportar un volume de tráfico de máis de 50.000 vehículos ao día, que entran e saen do polígono ou que proveñen das estradas A Coruña- Cee (AC-552), a estrada A Coruña-Sabón (AC-415) ou da vía que une o Polígono de Sabón coa e autoestrada A Coruña-Carballo (AC-551). Actualmente, prodúcese continuas retencións, que o proxecto presentado hoxe pretende solucionar, tanto para o presente como para os proxectos futuros que se están a desenvolver, como o polígono de Morás ou o Porto Exterior.

### **Aprobación do expediente de información pública**

Por outra banda, o *Diario Oficial de Galicia* publica hoxe a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado desta obra.

Este proxecto de obra estivo sometido a información pública durante un mes (desde o 4 de xaneiro ata o 4 de febreiro) no que se presentaron un total de 12 alegacións de particulares e administracións. Despois da análise a Dirección Xeral de Infraestruturas decidiu modificar a solución prevista de glorieta a 3 niveis, por unha solución consistente na construción dunha glorieta elevada de 28 metros de raio exterior, encaixada dentro da zona axardinada da glorieta existente.

## **O CONSELLO APROBOU O DECRETO QUE DITA AS NORMAS SOBRE OS DOCUMENTOS QUE ACOMPAÑAN O TRANSPORTE DE PRODUTOS VINÍCOLAS**

- ***Esta norma facilitará ao sector o cumprimento da lexislación comunitaria, xa que incorpora diferentes anexos cos modelos de formularios a abrir (documentos de acompañamento, solicitudes de autorización, selos de validación e libros de rexistro)***
- ***O decreto regulará tamén as declaracións de determinadas prácticas e tratamentos enolóxicos autorizados e o Rexistro de embotellador de viños e bebidas alcohólicas***
- ***A autoridade competente nesta materia é a Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais da Consellería do Medio Rural***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se ditan normas sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas neste sector.

Esta norma facilitará ao sector o cumprimento da normativa comunitaria neste ámbito, xa que incorpora ata cinco diferentes anexos cos modelos a abrir polos interesados en cada caso.

Así, trátase de formularios do documento destinado a acompañar o transporte de produtos vitivinícolas; da solicitude de autorización para visado dos documentos de acompañamento; dos selos de validación e do libro rexistro de entradas e saídas para os diferentes produtos, segundo se trate de viños, viños con Denominación de Orixe Protexida (DOP) ou Indicación Xeográfica Protexida (IXP), viños sen DOP/IXP con dereito a indicación de variedade e colleita ou viños de licor. Tamén se incorpora, no quinto anexo, o formulario de declaración para a realización de determinadas prácticas enolóxicas, tales como edulcoración, acidificación/desacidificación ou aumento artificial do grao alcohólico natural.

Cara ao futuro, a intención de Medio Rural é facilitar aínda máis estes trámites, mediante a súa implementación por vía telemática.

### **Documentos**

Mediante este decreto regúlanse os documentos que acompañarán os produtos vinícolas cando o inicio do transporte teña lugar nun punto do territorio galego e o destino sexa calquera sitio da Unión Europea; e os rexistros da rastrexabilidade vitivinícola no ámbito territorial de Galicia, nos que se anotarán as entradas e saídas de cada produto, as manipulacións efectuadas sobre eles e os produtos empregados nela. Ademais, tamén se regulan as declaracións de determinadas prácticas e tratamentos enolóxicos autorizados e o Rexistro de embotellador de viños e outras bebidas alcohólicas.

A certificación de orixe dos viños con denominación de orixe protexida (DOP) correspóndelle aos respectivos consellos reguladores; mentres que, para os viños

acollidos a unha indicación xeográfica protexida (IXP), a certificación de orixe será realizada polo Instituto Galego da Calidade Alimentaria (INGACAL).

### **Excepcións**

Os produtores que comercialicen a súa propia produción –e esta non supere os 5.000 litros por campaña e non procedan ao seu embotellamento– nin efectúen ningunha práctica enolóxica sometida a rexistro, non están obrigados a utilizar documentos de acompañamento e sérvenlle como rexistro de rastrexabilidade as anotacións feitas no reverso das declaracións anuais de produción.

### **Competencia**

A autoridade competente nesta materia é a Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais da Consellería do Medio Rural, por ter esta as competencias en materia de calidade agroalimentaria. As actuacións de control exerceranse a través dos servizos das xefaturas territoriais desta consellería que teñan atribuídas as funcións de control e inspección de defensa contra fraudes.

## **A XUNTA REESTRUTURA A CONSELLERÍA DO MAR PARA OPTIMIZAR A XESTIÓN EN MATERIA DE ACUICULTURA E AUMENTAR OS CONTROIS NA CADEA DE COMERCIALIZACIÓN**

- ***A nova estrutura da consellería supón a creación da Subdirección de Acuicultura e do Servizo de Inspección Veterinaria, a supresión dunha subdirección xeral e a remodelación de varios servizos***
- ***Con esta medida refórzase a decidida aposta da Consellería do Mar por potenciar a acuicultura e aproveitar o potencial económico e social de Galicia***
- ***Os 21 veterinarios que se incorporarán ao novo Servizo de Inspección velarán pola protección da saúde pública e da seguridade dos produtos pesqueiros ao longo da cadea alimentaria***

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, o decreto polo que se establece a nova estrutura orgánica da Consellería do Mar, co obxectivo de impulsar a actividade acuícola en Galicia e fomentar e protexer a saúde pública do consumidor, a través dun maior control ao longo da cadea alimentaria. A nova estrutura supón a creación da Subdirección de Acuicultura e do Servizo de Inspección Veterinaria, a supresión dunha subdirección xeral e a remodelación de varios servizos.

A nova Subdirección de Acuicultura nace para potenciar e dar prioridade a esta actividade que suporá un incremento da produción de alimentos mariños de calidade que darán abastecemento a un mercado que cada vez os demanda máis. A Consellería do Mar quere darlle un novo pulo para avanzar neste campo produtivo e aproveitar a potencialidade económica e social que ten a produción acuícola, así como o seu valor á hora de xerar riqueza e emprego. Esta actividade é fundamental, tendo en conta a progresiva baixada de produción da pesca e marisqueo extractivo e a limitación da súa capacidade de atención dos mercados.

A crecente importancia que vai adquirindo a acuicultura en Galicia, fai necesario a creación dunha subdirección que aglutine os dous servizos dedicados á acuicultura xa existentes na consellería, co fin de mellorar a súa eficacia. Esta subdirección enmarcarase na Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica e encargarse, entre outras, do Plan Director de Acuicultura e o Plan de Ordenación dos Cultivos Mariños. Estructurarase en dúas unidades; por unha banda, o Servizo de Innovación Tecnolóxica de Acuicultura encargarse da xestión dos títulos administrativos habilitantes para a acuicultura e da xestión das diferentes liñas de axuda destinadas á creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de acuicultura mariña e occidental.

Doutra banda, o Servizo de Planificación e Xestión da Acuicultura ocuparase do seguimento e control desta actividade, isto é, da planificación, coordinación, execución e control das medidas e actuacións en materia de acuicultura así como da xestión e desenvolvemento dos instrumentos de planificación e ordenación da actividade acuícola.

A outra gran novidade é a creación do Servizo de Inspección Veterinaria. A Consellería do Mar considera necesario a creación deste órgano que garanta, entre outras cousas, a protección da saúde pública e da seguridade ao longo da cadea alimentaria e a protección de recursos, especialmente no que atinxe a talles mínimos, zonas e épocas de veda e topes de captura.

Uns 21 veterinarios incorporaranse a este departamento que tamén se encargará de realizar inspección en lonxas, puntos de control e establecementos autorizados para efectuar primeiras vendas dos produtos do mar. Ademais, entre as súas funcións estará o control do transporte de especies mariñas, establecementos de acuicultura, o control da comercialización dos produtos do mar, peixerías e establecementos autorizados para a venda destes produtos e o control de calidade de augas.

Estes cambios responden á necesidade de adecuar as funcións a cada órgano e acadar unha maior xestión e eficacia na prestación do servizo que lle corresponde á consellería.

## **O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JOSÉ JUAN DURÁN COMO NOVO PRESIDENTE DE PORTOS DE GALICIA**

▪ ***José Juan Durán substitúe no cargo a José Manuel Álvarez Campana***

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a José Juan Durán Hermida como novo presidente de Portos de Galicia en substitución de José Manuel Álvarez Campana. Nacido no municipio de Vilanova de Arousa o 6 de xullo de 1960 e ocupou distintos cargos na Administración local e provincial.

Entre os anos 1999 e 2011 foi tenente de alcalde e mais concelleiro de Cultura, Infraestruturas e Personal no Concello de Vilanova de Arousa. Entre o 2004 e o 2011 ocupou unha das vicepresidencias da Deputación de Pontevedra ao tempo que exerceu como vicepresidente executivo do IPESPO, o organismo autónomo provincial para a dotación de solo industrial.

Este vilanovés, casado e con dous fillos, é vicepresidente da Fundación Ramón María del Valle-Inclán, foi membro do consello federal da FEGAMP ata o ano 2003, vogal na Mancomunidade do Salnés, membro do consello reitor do organismo autónomo provincial Museo de Pontevedra, membro do consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa e tamén do consello reitor de Turismo Rias Baixas, organismo autónomo de Pontevedra para a promoción do sector .

## **A XUNTA INICIA O PROCESO DE CREACIÓN DA AXENCIA DE MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA QUE INTEGRARÁ OS SERVIZOS TIC DE TODOS OS DEPARTAMENTOS DA XUNTA**

- ***A AMTEGA consolida un modelo de xestión integrada das tecnoloxías na Administración autonómica***
- ***Simplificará a organización das áreas tecnolóxicas da Xunta, con menos niveis xerárquicos, concentrando as competencias e os mecanismos para planificar e executar os proxectos TIC***
- ***A creación da Axencia permitirá unha redución de preto do 30% en custos de adquisición de infraestruturas e sistemas tecnolóxicos ao remate da lexislatura***
- ***Nun prazo de tres anos reduciranse nun 50% o gasto en coordinación de proxectos e nun 23% o correspondente á estrutura de persoal***
- ***O proceso de consolidación dos servizos tecnolóxicos comezará este ano e levarase a cabo de xeito gradual***

O Goberno galego aprobou hoxe o Plan de posta en marcha da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) co obxectivo de consolidar un modelo de xestión integrado das TIC na Administración autonómica. A creación da Axencia permitirá unha maior eficiencia e unha redución de gasto ao integrar os servizos tecnolóxicos dos distintos departamentos da Xunta baixo unha mesma dirección.

Un total de 558 profesionais da escala de tecnoloxías da información que desempeñan as súas funcións nos distintos departamentos da Xunta traballarán nun proxecto tecnolóxico único baixo a dirección da Axencia, que tamén xestionará o orzamento global tecnolóxico da Administración galega.

### **Simplificación organizativa**

A estrutura organizativa da área tecnolóxica da Administración autonómica quedará notablemente reorganizada e simplificada. Suporá ademais unha reestruturación organizativa e unha consolidación das infraestruturas que xerará un aforro de espazo que poderá acadar ata un 40%. Isto eliminará dispersión actual do persoal TIC situado en 86 localizacións distintas.

### **Redución de custos**

Un dos eixos centrais da política tecnolóxica da Xunta é a eficiencia na xestión dos fondos públicos e a Axencia é unha fórmula efectiva para consolidar este obxectivo. Deste xeito nun prazo de tres anos prevese unha redución de entre un 25 e un 30% nos custos de mantemento, adquisición de sistemas e infraestruturas tecnolóxicas. Este aforro será posible grazas á homoxeneización das infraestruturas tecnolóxicas, o impulso do *software* libre, e o establecemento de programas de mellora de adquisicións tecnolóxicas conseguindo mellores prezos e condicións de compra centralizando a negociación de contratos. Ademais, a Axencia xerará unha redución de gasto en estrutura de persoal de ata un 23% ao final da lexislatura.



A reorganización organizativa que leva consigo a Axencia permitirá reducir en arredor do 50% os custos en coordinación de proxectos.

A todas estas reducións de custo TIC engádense ás que proporcionará a posta en marcha pola futura Axencia do Centro de Proceso de Datos Integral (CPDI), que integrará as funcións dos máis de 80 CPDs existentes ata o de agora. O CPDI conseguirá un aforro de máis do 50% do custo enerxético por metro cadrado coa nova plataforma tecnolóxica e a redución do 27% do gasto anual da factura dos CPD actuais. Producirase a redución dun 30% en investimento de *hardware* e dun 30% no mantemento.

### **Proceso de consolidación en tres fases**

O proceso de consolidación dos servizos tecnolóxicos levarase a cabo de xeito gradual en tres fases. A primeira comeza coa constitución da Axencia, incorporando os medios persoais, materiais e competencias que actualmente corresponden á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica xunto co persoal TIC da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza. Esta primeira fase completárase a finais do 2011 e contará co 46,4% do orzamento global TIC e o 13,3% do persoal da área tecnolóxica da Administración.

Na segunda fase integraranse os departamentos TIC de 7 consellerías: Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Economía e Industria, Educación e Ordenación Universitaria, Cultura e Turismo, Traballo e Benestar, Medio Rural e do Mar. Este proceso rematará a finais de 2012 co 67% do orzamento TIC total e o 50,3% do persoal TIC integrado na Axencia.

A terceira e última fase será a integración do resto de organismos e departamentos TIC a partir de 2013.

## **A AXEGA PON EN MARCHA UNHA CANLE DE TELEVISIÓN INTERACTIVA ESPECIALIZADA EN EMERXENCIAS E PROTECCIÓN CIDADÁ**

- ***Recibirá o nome de 112.TV e será un referente para informarse sobre calquera emerxencia en Galicia***
- ***A canle ofrecerá información sobre situacións de emerxencia, recomendacións de Protección Civil e avisos meteorolóxicos adversos, entre outros***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura dun Acordo entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e "R" Cable e Telecomunicacións Galicia S.A., para a posta en marcha dunha canle en televisión dixital con servizos interactivos en materia de emerxencias e protección cidadá na comunidade autónoma galega, co fin de que a poboación conte cun referente ao cal acudir para informarse sobre calquera emerxencia en Galicia.

Os contidos ofrecidos na aplicación de televisión interactiva, que recibirá o nome de 112.TV, consistirán en información sobre situacións de emerxencia e avisos masivos á poboación coma información sobre fenómenos meteorolóxicos adversos, activación de Plans de Emerxencias e Protección Civil, información sobre emerxencias extraordinarias e recomendacións de Protección Civil á poboación.

A primeira versión da aplicación 112.TV incluírá como funcionalidades principais para o usuario a consulta de emerxencias activas, a busca de emerxencias por criterios de filtrado e a publicación de comunicados urxentes á poboación.

Do mesmo xeito, os usuarios disporán de dous modos de uso: o modo pasivo e o activo. No modo pasivo o usuario recibe información de emerxencias continua mediante subscrición, aínda que o CAE 112 Galicia poderá enviar certos avisos á poboación sen necesidade de que exista subscrición. Por outra banda, no modo activo, o usuario accederá á aplicación, e a información aparecerá en modo texto ou en modo gráfico mediante o mapa das provincias de Galicia.

### **Comisión de seguimento**

O convenio recolle que se constituirá unha comisión de seguimento, composta por dous representantes de R e dous representantes da Axencia Galega de Emerxencias, que supervisarán a operativa do sistema, tomarán as decisións operativas necesarias para a evolución do sistema, e calquera outra función que sirva para facilitar contactos e acordos entre a AXEGA e R.

## **A XUNTA APOIA A POSTA EN MARCHA DUN PROXECTO DEMOSTRATIVO DESTINADO Á REDUCIÓN DOS RISCOS LABORAIS COA APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA INDUSTRIA DA LOUSA**

- ***O Consello da Xunta de Galicia vén de autorizar á Consellería de Economía e Industria ao establecemento dun anticipo do 80% da subvención para poñer en marcha esta iniciativa***
- ***A implantación dos equipos de prevención de riscos e as medidas adoptadas levaranse a cabo en dúas empresas galegas, unha na provincia de Ourense e outra na de Lugo***
- ***Esta iniciativa recóllese dentro das accións da Xunta, en relación á integración da innovación do sector industrial da lousa en Galicia***

O Consello da Xunta de Galicia vén de autorizar á Consellería de Economía e Industria ao establecemento dun anticipo do 80% da subvención ao Clúster da Pizarra de Galicia, para facilitar a posta en marcha dun proxecto demostrativo encamiñado á eliminación do riscos derivados da exposición a determinadas substancias nas fábricas do sector da lousa de Galicia, mediante a aplicación das novas tecnoloxías.

Esta iniciativa parte dun estudo, levado a cabo co apoio da Consellería de Economía e Industria, sobre as medidas de prevención para a minimización dos riscos laborais, neste eido, no que se identifican aqueles puntos nos que se produce máis po se propoñen unha serie de medidas que se van adoptar.

Nun primeiro momento, as actuacións levadas a cabo e reguladas a través do convenio asinado co Clúster, estarán encamiñadas á análise do estado de parte das medidas de control do risco de po, avaliando o nivel, grao de implantación e efectividade das tecnoloxías actuais e determinando as melloras técnicas dispoñibles para os distintos procesos. Posteriormente, traballarase no deseño e creación de novos equipos, métodos e materiais de protección e á mellora tecnolóxica destes.

Pasada esta fase inicial de traballo, levarase a cabo a implantación dos equipos e das medidas deseñadas en dúas fábricas do sector, unha en Ourense e outra en Lugo, coa correspondente comprobación do cumprimento dos requisitos necesarios para a eliminación do risco derivado da exposición ao po e á verificación da súa eficacia. O proxecto rematará cunha análise dos resultados e a difusión destes no sector.

Este proxecto enmárcase dentro das iniciativas da Xunta de Galicia orientadas á mellora da competitividade e o crecemento do sector da lousa en Galicia, xunto ás políticas de promoción de proxectos concretos de carácter innovador.

## **A XUNTA IMPULSARÁ O DESENVOLVEMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES EN GALICIA COA MOBILIZACIÓN DE INVESTIMENTOS POR 11 MILLÓNS**

- ***A Consellería de Economía e Industria dedicará estes fondos a fomentar as instalacións de enerxías renovables en Galicia, principalmente de aproveitamento da biomasa e das solares térmicas***
- ***Ao abeiro desta iniciativa, a Xunta subvencionará o desenvolvemento de proxectos que teñan un gran compoñente demostrativo e altas posibilidades de difusión de cara á sociedade***
- ***A Consellería de Economía e Industria promove o aproveitamento das fontes enerxéticas limpas e contribúe á creación dun sector económico específico no eido da innovación enerxética***

O Consello da Xunta vén de autorizar a Consellería de Economía e Industria á posta en marcha dun proxecto que facilitará a mobilización de investimentos por valor de 11 millóns de euros para o desenvolvemento de medidas de apoio ás enerxías renovables.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria promove o aproveitamento das fontes enerxéticas limpas e contribúe á creación dun sector económico específico, relacionado con este tipo de sistemas e favorable á xeración de emprego en Galicia, no eido da innovación enerxética.

A Consellería de Economía e Industria dedicará estes fondos a fomentar as instalacións de enerxías renovables en Galicia, principalmente no que se refire ao aproveitamento da biomasa e das solares térmicas.

As medidas que se levarán a cabo con base a este iniciativa, por medio do Inega, serán, fundamentalmente, axudas a fondo perdido para este tipo de tecnoloxías e proxectos novos, para o desenvolvemento de iniciativas que teñan un gran compoñente demostrativa e altas posibilidades de difusión de cara á sociedade galega.

As instalacións, impulsadas por este proxecto de apoio ás enerxías renovables en Galicia, poderán ser executadas até novembro de 2012. As actuacións teñen unha relación importante co fomento das enerxías renovables, orientadas a obter aforros económicos co aproveitamento deste tipo de fontes enerxéticas, e contribuír á protección ambiental do noso contorno.

## **CULTURA E TURISMO DESTINA UN TOTAL DE 135.939 EUROS Á ESCAVACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DA IGREXA VELLA DE SANTA COMBA DE LOURO (VALGA)**

- ***O Consello da Xunta deu luz verde ao acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Valga. O convenio está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013***
- ***A elección deste xacigo arqueolóxico para a súa intervención baséase no seu interese histórico e o seu potencial científico. As actuacións que se programan pasan por unha intervención integral sobre o xacemento, desde a escavación, consolidación e posta en valor***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Valga para a realización dos traballos de escavación arqueolóxica, consolidación e acondicionamento para a posta en valor do xacemento arqueolóxico de Igrexa Vella de Santa Comba de Louro. O convenio está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2007-2013 por un importe total de 135.936 euros, que se repartirá en dúas anualidades.

O xacigo arqueolóxico, situado no lugar de Beiro, na parroquia de Santa Comba de Cordeiro do concello de Valga, caracterízase pola existencia de restos dunha igrexa e dun mosteiro de fundación altomedieval dos que se teñen documentado diversas fases de ocupación, unha beneditina e outra moderna, existindo indicios de que teña unha orixe antiga dada a presenza de tumbas amortizadas polos muros da edificación, e restos romanos arredor da cabeceira do templo.

A elección deste xacigo arqueolóxico para a súa intervención baséase no seu interese histórico e o seu potencial científico. As actuacións supoñen unha actuación integral sobre o xacigo arqueolóxico partindo dunha investigación pormenorizada a través da escavación arqueolóxica do xacigo, co obxecto de documentar e poñer ao descuberto as estruturas localizadas anteriormente, para logo abordar a consolidación e o acondicionamento para a súa exhibición, posta en valor e divulgación.

En virtude deste convenio, procederase nun primeiro momento ao acondicionamento da zona, mediante a roza, limpeza e acondicionamento previo da superficie do xacigo arqueolóxico. Seguidamente, levarase a cabo a escavación, a toma de mostras, rexistro de intervención e contextualización dos restos. Nunha terceira fase, procederase á consolidación das zonas nas que se vai intervir e ao seu rexistro mediante debuxo arqueolóxico. Por último, levarase a cabo a sinalización e o valado da zona para facilitar a visita á zona.

## **A XUNTA MANTÉN UNHA ESPECIAL VIXILANCIA DOS RÍOS E ENCOROS GALEGOS, QUE SEGUEN A PRESENTAR UNS CAUDAIS MÁIS BAIXOS DO HABITUAL**

- ***O Goberno galego reitera a chamada ao comportamento responsable de cada un dos galegos no consumo de auga***
- ***O Consello da Xunta foi informado de que co nivel actual dos encoros, o abastecemento de auga ás grandes poboacións galegas está garantido para superar o verán***
- ***O nivel de ocupación dos encoros é algo baixo para esta época do ano, cun 62% de ocupación, que sobe ao 77% no que respecta aos encoros de abastecemento***
- ***Os niveis máis baixos de ocupación nestes momentos atópanse nos encoros máis pequenos, como Bahiña e O Con***

O Consello da Xunta foi informado hoxe da situación respecto do abastecemento nos encoros galegos, con datos do especial seguimento que se está a realizar desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. No mes de maio, e como consecuencia das condicións meteorolóxicas, os ríos da bacía hidrográfica Galicia-Costa, presentaban uns caudais máis baixos do habitual, segundo os datos achegados por Augas de Galicia, e os encoros mantiñan unha tendencia ao descenso de ocupación.

No que respecta aos encoros de Galicia-Costa, o nivel de ocupación medio descendeu desde o 73% de finais de maio ata o 62% actual, polo que, o nivel actual, está por debaixo da media semanal (as medicións realízanse cada semana) do mesmo mes dos últimos anos. Respecto aos encoros de abastecemento, o descenso foi dun 14 %, ao pasar do 91% de maio ao 77% actual.

Os niveis máis baixos de ocupación nestes momentos atópanse nos encoros máis pequenos, e cunha pequena bacía de achega: Bahiña (ao 24% cando hai mes e medio estaba ao 44%) e o Con (con 41% comparado co 65% de finais de maio). No entanto, Eiras (sistema de Vigo) ten unha ocupación do 80% (16 puntos menos que no último informe de hai un mes e medio), Forcadas (Ferrol) do 92% -100% en maio- e Cecebre (A Coruña) do 80% (cando en maio estaba ao 90%).

Deste xeito, co nivel actual dos encoros, o abastecemento de auga ás grandes poboacións galegas está garantido para superar o verán, aínda que é necesario reforzar o chamamento de moderación na demanda de auga e uso responsable desta ante un escenario de retraso da chegada do período húmido do ano hidrolóxico que, de modo habitual, se produce no mes de outubro de cada ano.

### **Previsións meteorolóxicas**

Sinalar que, pese á sensación de tempo húmido nestes últimos días, as choivas non tiveron unha entidade suficiente para modificar as tendencias que se veñen desenvolvendo nas últimas semanas, e polo tanto, as perspectivas a curto prazo non

indican que a situación vaia variar nos próximos días, polo que haberá que continuar atentos á situación.

En todo caso, cos niveis de ocupación actuais os grandes sistemas de abastecemento non terían problemas co recurso no verán aínda que persista a situación actual de seca, ao depender de encoros cun nivel de ocupación suficiente (Vigo, A Coruña, Ferrol). En Baiona e Vilagarcía, onde a situación é máis complicada, cóntase con subministracións alternativas que toman auga do encoro de Zamáns no primeiro caso e do río Umia no segundo. Tamén existe esta posibilidade en Ourense e Lugo con captacións no río Miño, e en Pontevedra no Lérez, polo que *a priori* en todos os grandes sistemas de abastecemento de Galicia a subministración de auga está garantida para os próximos meses.

A pesar de que a situación non é de risco de desabastecemento, é necesario considerar que as reservas deben ser suficientes para a subministración de auga potable ata o final do verán e a chegada das chuvias de outono. Por iso, adoptáronse medidas preventivas, que deben de ter correspondencia nun comportamento responsable de cada un dos galegos no consumo de auga. Finalmente, e como xa se sinalou no mes de maio, en caso de que se constate que a tendencia do recurso se agrave, activaríase o plan de Protección Civil ante situacións de seca.

De modo preventivo, e ante a situación constatada de seca, no último mes e medio xa se adoptaron as seguintes medidas:

- Autorización para a modificación do réxime de caudais ecolóxicos do encoro de abastecemento de Caldas, e dos encoros de Eiras e Zamáns, cando se dean determinadas circunstancias concretas de explotación. Isto permite aumentar as garantías de abastecemento de modo importante.
- Intensificación da atención sobre as redes de medición automática dos caudais dos ríos (47 estacións automáticas de aforo en Galicia – Costa), así como a vixilancia da explotación dos encoros de abastecemento.
- Estudo e seguimento exhaustivo da situación actual dos grandes sistemas de abastecemento.
- Comunicación da situación de seca de modo oficial aos concellos de Galicia-Costa, advertíndoos da situación e invitándoos a que en virtude das súas competencias colaboren no aforro de auga e na concienciación aos cidadáns, así como a que se nos comunique calquera previsión de desabastecemento no seu concello.
- Vixilancia especial en Gondomar e no sistema de Pontevedra.

## **Análise da situación dos grandes sistemas**

### **Sistema da Coruña**

O encoro de Cecebre regula a auga do río Mero, que serve de condución desde a situación da presa ata a ETAP da Telva, onde se trata a auga para a súa posterior distribución aos núcleos da Coruña, Oleiros, Culleredo, Arteixo, Cambre, Sada e Bergondo. O volume útil total do encoro é de 19,61 Hm<sup>3</sup>. Actualmente o encoro está case que o 80% cun caudal de entrada de 0,7 metros cúbicos por segundo, o que garante un abastecemento de case sete meses, polo que non ten problemas de abastecemento.

### **Sistema de Ferrol**

O sistema da presa de Forcadas inclúe os municipios de Ferrol, Narón, Neda, Fene, Valdoviño, Mugardos e Ares. O sistema abastécese fundamentalmente do encoro de Forcadas, aínda que ten tamén outras fontes. O volume útil total do encoro é de 8,89 Hm<sup>3</sup>. O estado actual do encoro é do 92,2%, cun caudal de entrada de 0,49 metros cúbicos por segundo, que garanten un abastecemento para case un ano.

### **Sistema de Vigo**

O sistema dependente do encoro de Eiras comprende gran parte da bisbarra de Vigo e os municipios de Cangas e Moaña, na bisbarra do Morrazo.

O sistema de Vigo parte no seu punto de abastecemento principal do encoro de Eiras, co que regula a auga do río Oitavén. O volume útil total do encoro é de 21.05 Hm<sup>3</sup>. Ademais do sistema de Eiras, hai outra fonte de subministración para Vigo e a súa área de influencia, o encoro de Zamáns, que abastece unha pequena parte de Vigo e Nigrán, e adicionalmente pode abastecer a gran parte de Baiona que, en condicións normais, se abastece desde o encoro de Bahiña. O municipio de Gondomar ten abastecemento autónomo desde o río Morgadáns.

Polo que respecta ao encoro de Eiras, o seu nivel de ocupación é do 80%, cun caudal de entrada de 0,98 metros cúbicos. A garantía de abastecemento con achegas para este encoro é case 8 meses e medio.

O encoro de Zamáns, pola súa banda, atópase ao 75%, do que resulta unha garantía de abastecemento de case catro meses. Actualmente estase a traspasar uns 2.000 m<sup>3</sup>/día desde o encoro de Zamáns para subministrar á poboación de Baiona, unha demanda xa contabilizada no caudal de saída de Zamáns.

Por último, o encoro de Bahiña resérvase actualmente para dar subministración ás zonas altas de Baiona. A día de hoxe atópase ao 24,28%.

### **Outros sistemas**



No que atinxe aos sistemas con dependencia de ríos (Santiago, Barbanza, Lugo, Ourense e Baixo Miño) e aos sistemas mixtos –encoros e ríos- (Pontevedra, O Salnés) en xeral, non presentan problemas de abastecemento; porén, no caso de Pontevedra a tendencia de baixada no caudal do río Lérez fai necesaria unha atención especial.

## **O INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO DA XUNTA ATENDEU 65.000 CONSUMIDORES E INCREMENTOU A SÚA ACTIVIDADE ARBITRAL NUN 141%**

- ***En 2010 o incremento de consultas e asesoramentos por parte do IGC alzouse un 35%, acadando, na maioría dos casos, un acordo entre as partes enfrontadas do conflito***
- ***A posta en marcha do “plan de choque de arbitraje” reduciu os retrasos acumulados na resolución de conflitos pola vía arbitral que, ao comezo da lexislatura, chegaban aos 2 anos***
- ***Galicia é a primeira CCAA en notificación de produtos inseguros, no marco da rede de alerta que funciona en España e os servizos de inspección do IGC retiraron do mercado 28.000 produtos inseguros***
- ***A campaña de divulgación sobre a tarificación eléctrica da Xunta e a intensificación da atención do IGC aos consumidores, favoreceu a diminución dun 10% das reclamacións neste eido***
- ***A remodelación da Escola Galega de Consumo permitiu un incremento do número de participantes nas actividades formativas dun 63%, alcanzando a cifra record de 13.494***

O Consello da Xunta deu o seu visto e prace ao informe da Consellería de Economía e Industria sobre a actividade do Instituto Galego de Consumo (IGC), no 2010. Neste ano, o Instituto Galego de Consumo ten adaptado as súas políticas de actuación ás demandas dos consumidores e das organizacións, que acadaron o papel protagonista. Neste exercicio, o IGC atendeu a 65.000 consumidores, incrementou a súa actividade arbitral nun 141% e eliminou 28.000 produtos inseguros do mercado.

Entre os datos máis relevantes, encóntranse os relativos á arbitraje de consumo. Desde o comezo da lexislatura deuse resposta ás reclamacións pola vía arbitral, que viñan sufrindo retrasos, nalgúns casos de até dous anos, e no ano 2010, grazas á posta en marcha do plan de choque de arbitraje que permitiu incrementar o número de laudos arbitrais resoltos nun 141%, pasando de 1.771 a 4.268, o que mellorou considerablemente a resolución das controversias entre consumidores e empresas.

Neste sentido, outro aspecto positivo foi o incremento significativo do número de consultas e asesoramentos, que se alzou nun 35%, rozando os 45.000 e que, en moitos casos, logrou un maior acercamento entre as partes en conflito, logrando solucións satisfactorias para ambas as dúas partes, sen necesidade de intervir por medio de reclamacións.

Como vén sucedendo ano tras ano, o sector máis sensible para os consumidores galegos, como reflicte o número de consultas e reclamacións, foi o sector servizos e dentro deste, ocupou de novo o primeiro posto, a telefonía, seguida do sector eléctrico e o transporte aéreo.

### **Mellora na atención ao consumidor**

Ademais, hai que ter en conta que, grazas á optimización no asesoramento ao consumidor e organizacións e a mellora na atención ao consumidor por parte do IGC, supuxo unha diminución das reclamacións nun 7,5% con respecto ao 2009, sobre todo no eido do sector eléctrico, xa que neste ámbito foi onde se evitou a presentación dun número significativo de reclamacións (10%). En datos xerais, pódese dicir que, ao longo do ano 2010, se rexistraron no Instituto Galego de Consumo un total de 19.834 reclamacións e denuncias presentadas polos consumidores e usuarios.

En relación ao anterior, o sector das telecomunicacións foi novamente, o que máis reclamacións rexistrou ao longo do 2010, posto que máis de sete mil reclamacións ou denuncias foron presentadas por problemas dos usuarios con este servizo. O seguinte sector máis reclamado foi o eléctrico ou electrónico, principalmente por problemas dos consumidores con terminais de telefonía móbil e pequenos electrodomésticos. A enerxía eléctrica ocupou o terceiro lugar en número de queixas, seguido do sector turístico e de ocio e o transporte, particularmente, o aéreo.

### **Campaña sobre tarificación eléctrica**

Un dos aspectos máis salientables da actividade do IGC foi a abordaxe da problemática da tarificación eléctrica. Desde a Xunta iniciouse unha campaña de divulgación neste eido, que aínda segue operativa na actualidade, e vén suplir a falta de información que existía desde a Administración central, sobre unha tarifa eléctrica que beneficia os consumidores máis vulnerables economicamente.

Esta campaña deu lugar, neste 2011, á conformación do denominado programa "Belenus", que constitúe unha das actuacións prioritarias do Instituto na actualidade e que ten como obxectivo modificar a normativa sobre tarificación eléctrica, intensificar os controis ás compañías eléctricas e axudar os consumidores a mellorar a súa información sobre as tarifas eléctricas e evitar posibles abusos por parte das compañías.

### **A prol dunha maior seguridade no eido do consumo**

Por outra banda, neste balance tamén cómpre destacar que un 87% da actividade da inspección de consumo se concentra na detección, retirada e destrución de produtos industriais inseguros no mercado galego. Galicia é a primeira CCAA en notificación deste tipo de produtos no marco da rede de alerta que funciona en España, así os servizos de inspección do IGC retiraron do mercado 22.654 produtos e destruíron 5.333.

Polo que respecta á Escola Galega de Consumo, tras a remodelación profunda levada a cabo no segundo semestre do 2009, e grazas á colaboración recibida polas entidades públicas e privadas, se deu como resultado unha oferta singular e personalizada que permitiu ampliar o seu ámbito de difusión, achegándose máis a sociedade galega e incrementando o número de participantes nas actividades formativas nun 63%, alcanzando a cifra récord de 13.494.

## O PROXECTO DA 'ILLA DO PENSAMENTO' PROMOVIDO POR CULTURA E TURISMO CONSOLIDA A ILLA DE SAN SIMÓN COMO CENTRO DE INTERCAMBIO DE IDEAS E DE REFLEXIÓN

- ***A Consellería de Cultura e Turismo presentou ao Consello da Xunta o informe sobre o impacto dos eventos celebrados na Illa de San Simón entre os meses de xaneiro e xuño de 2011***
- ***Neste período, a Illa reuniu algúns dos mellores magos do mundo para estudar os mecanismos de atención do cerebro cos máis prestixiosos neurocientíficos cognitivos, aos máis destacados comunicadores e expertos en redes sociais do panorama nacional para debater sobre a comunicación na rede, ou a expertos españois e franceses para reflexionar sobre o futuro xeopolítico en Europa***
- ***Para o segundo semestre estase a planificar un cumio de divulgadores en torno á figura de Xulio Verne, así como foros de comunicadores, industrias culturais ou a sociedade do coñecemento, en colaboración co Goberno de Brasil***

A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe ao Consello da Xunta o informe sobre o éxito e a repercusión mediática das actividades programadas durante os seis primeiros meses de 2011 na Illa de San Simón enmarcadas no proxecto da Illa do Pensamento. Esta iniciativa, deseñada co obxectivo de converter á Illa de San Simón nun lugar de encontro e intersección de culturas e ideas, é unha realidade grazas aos eventos que se celebraron ao longo do primeiro semestre de 2011, consolidando esta iniciativa encamiñada a crear neste arquipélago un centro de reflexión con clara vocación internacional.

No informe, a Fundación Illa de San Simón destaca que nos últimos meses a illa reuniu a algúns dos mellores magos do mundo para estudar de xeito conxunto os mecanismos de atención do cerebro cos máis prestixiosos neurocientíficos cognitivos, aos máis destacados comunicadores e expertos en redes sociais do panorama nacional para debater sobre a fenda dixital e a comunicación na rede, ou a expertos españois e franceses para reflexionar sobre o futuro xeopolítico en Europa. Todos os encontros que se celebraron en San Simón no marco do proxecto *Illa do Pensamento* alcanzaron unha gran repercusión tanto mediática a nivel local, nacional e internacional como en prensa especializada, en medios dixitais e nas contornas profesionais vinculadas ás disciplinas.

O obxectivo fundamental do proxecto *Illa do Pensamento* é facer da Illa de San Simón un foco de actividade cultural de prestixio, con capacidade para atraer artistas, persoeiros e institucións con relevancia internacional, que permitan espallar a cultura de Galicia. Trátase dun enclave idóneo para desenvolver actividades de toda índole onde se suman novos equipamentos, infraestruturas e espazos naturais que inclúen zonas expositivas, residenciais e lúdicas.

O primeiro evento de grande envergadura realizado o pasado semestre foi o denominado *#NeThinking*, coordinado polo xornalista e experto en redes sociais Nacho de la Fuente,

no que participaron comunicadores como Eva Hache, cineastas como Nacho Vigalondo, músicos como Julián Hernández, recoñecidos e activos blogueiros como José Jiménez Moltó (Kurioso) e Javier Pedreira (Wicho); editores de medios dixitais e expertos en redes sociais como Javier Celaya, Ismael O-Qudsi, Juanjo Amorín, Marilyn Gonzalo, Eduardo Arcos ou Carmela Ríos; consultores como Mario Tascón e Antonio Delgado; especialistas en email mercadotecnia como Jorge Martínez Linares, e destacados xornalistas e expertos en comunicación de diferentes universidades galegas como Francisco Campos, Manuel Gago ou Valentín Alejandro Martínez.

O encontro tamén contou coa participación virtual da laureada e influente blogueira cubana Yoani Sánchez, cuxo blog *Xeración E* está considerado como un dos 25 mellores do mundo. Non puido desprazarse á Illa de San Simón xa que o seu pasaporte foi retido polo goberno do seu país, circunstancia que a xornalista lamentaba profundamente en diversas entrevistas, sinalando que lle resulta especialmente lamentable perderse “un evento de luxo” do que “podería aprender moito”.

A intensa actividade dos participantes en redes sociais, que suman máis de 500.000 seguidores en Twitter, así como a súa forte presenza en medios dixitais propiciou unha gran repercusión de *#NeThinking*, que se retransmitiu por *streaming* e foi seguido por internautas de 33 países de Europa, América, Asia e África. Ademais, o seguimento alcanzou o *trending topic* (tema do momento) en *Twitter* a nivel de toda España nos dous días que durou o encontro e un millón e medio de impactos só nas dúas primeiras horas de debate. O poder das redes sociais, o status do comunicador, a utilidade, as vantaxes e as ameazas da inmediatez de *Twitter* ou a convivencia dos medios emerxentes cos chamados convencionais foron algúns dos temas centrais do debate, no que se analizou o pasado, o presente e o futuro da comunicación na rede.

### **Expertos de España e Francia**

O seguinte evento que acolleu San Simón, a *Illa do Pensamento*, foi o titulado *Por unha Xeopolítica Europea*, iniciativa que contou coa participación de expertos procedentes de España e Francia para reflexionar sobre o futuro xeopolítico de Europa. O encontro foi convocado por *Tendencias21* (España) e *Automates Intelligents* (Francia) e colaboraron na súa organización a Cátedra Servizos de Intelixencia e Sistemas Democráticos da Universidade Rey Juan Carlos (CISD), a Sociedade de Estudos Internacionais, o Instituto Choiseul España e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI).

Este grupo, formado por unha vintena de expertos, constitúe o xerme da denominada Rede Europea de Reflexión xeopolítica que, desde o mes de abril, ten como sede a Illa de San Simón. Este órgano traballará nun horizonte temporal de 10 anos e terá como cometido redactar documentos de análise crítica e diferentes propostas.

Estes traballos serán difundidos polas institucións implicadas para facelos chegar a unha ampla lista de dirixentes políticos e parlamentarios, tanto nacionais como europeos. Tamén serán difundidos aos medios de comunicación e ás diferentes organizacións

políticas e sindicais. Entre os temas centrais da reunión constitutiva destacaron a soberanía europea e perspectivas xeopolíticas, os riscos da xoeconomía europea, as tecnoloxías de soberanía como a seguridade, defensa e espazo; a cultura e valores europeos como o *softpower* e as dependencias culturais; o papel da intelixencia na construción europea do século XXI ou a cuestión nuclear despois da experiencia xaponesa. O segundo encontro de expertos desta rede, que se reunirá en San Simón na primavera de 2013, basearase nas reflexións e experiencias deste traballo de reflexión e divulgación e acollerá no seu seo a especialistas doutros países europeos, ademais de Francia e España.

Outro dos encontros con participación internacional, que alcanzou unha gran repercusión en medios especializados e en contornas académicas foi *Neuromagic 2011*, un evento que conseguiu xerar en San Simón unha alta corrente de enerxía favorecida polo ambiente de calma, a paisaxe e a carga simbólica e histórica da illa, onde permaneceron cinco días reunidos algúns dos mellores magos do mundo xunto con prestixiosos neurocientíficos especialistas en percepción, conciencia e cognición. O encontro estivo coordinado por Susana Martínez-Conde e Stephen Macknik, dous dos neurocientíficos cognitivos máis importantes do mundo, codirectores do Barrow Technological Institute de Phoenix, en Estados Unidos. As investigacións do seu equipo céntranse nas bases neurais da experiencia visual e o estudo do nexa entre ilusións e realidade na fronteira ente a arte e a ciencia, especificamente entre neurociencia e maxia. Ese foi precisamente o fío condutor do encontro, no que a maxia se confirmou como unha das máis potentes ferramentas para os neurocientíficos na procura de resposta a unha das cuestións científicas máis misteriosas para o xénero humano: *Como se crea no cerebro a consciencia e a cognición?*.

A alta corrente de enerxía á que se referían os participantes no encontro vén confirmar a consolidación do proxecto Illa do Pensamento como un centro de referencia internacional para a reflexión, o debate e a xeración de ideas. Proba diso é que se formalizaron dez acordos de colaboración internacional entre os participantes, co fin de establecer novas liñas de traballo na área da utilización da maxia para o estudo do cerebro. Segundo se indica no documento de conclusións, "durante *Neuromagic 2011* puidemos identificar diversos ocos no coñecemento que temos a esperanza de encher grazas aos proxectos de colaboración que se xeraron neste foro".

En NeuroMagic 2011 estiveron presentes ilusionistas da talla de James Randi, un dos magos máis recoñecidos a nivel mundial, cunha traxectoria espectacular que lle deu o sobrenome de *O asombroso Randi*. Considerado unha icona mundial da loita contra as fraudes paranormais, o tamén chamado rei dos escépticos saltou á fama a nivel internacional polo seu ataque ás crenzas populares no paranormal, aos supostos poderes sobrenaturais dos chamados metapsíquicos, entre eles, o soado mentalista Uri Geller. Tamén estivo presente DJ Grothe, presidente da Fundación Educativa James Randi, que divulgou activamente o encontro a través desta entidade e publicou un artigo sobre *Neuromagic* na Illa do Pensamento nalgunhas das revistas divulgativas con maior

impacto en Estados Unidos. O seguimento en medios especializados non só se refire a importantes blogs e portais de divulgación científica e maxia. Tamén a revista *Quo* dedicou cinco páxinas do seu último número a todo canto aconteceu durante *Neuromagic 2011*.

Ademais de Randi, participaron neste encontro outros magos enormemente populares, sobre todo en Estados Unidos, como é o caso de Max Maven, Eric Mead ou Jamy Ian Swiss. Completaron o elenco nomes tamén moi coñecidos a nivel español e galego como Luís Piedrahíta, Miguel Anxo Gea ou Kiko Pastur, que acadaron un gran éxito entre os seus compañeiros anglosaxóns, demostrando o alto que está o pavillón nacional no panorama mundial da maxia. No que respecta aos neurocientíficos, viaxaron a San Simón o sueco Petter Johansson, os estadounidenses Lars Hall, Peter Tse e Paul Zak, así como o español Luís Martínez Otero, sen esquecer ao mago e tamén neurocientífico, experto en psicoloxía da ilusión, Anthony Barnhart.

Outra das disciplinas que centraron os encontros celebrados na Illa de San Simón foi a comunicación institucional e corporativa, no *I Simposio Internacional de Protocolo Institucional e Corporativo*, organizado pola Fundación Illa de San Simón en colaboración cos Cursos Complementarios de Comunicación e Protocolo da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo.

No encontro participaron especialistas de toda España, desde expertos, diplomáticos e representantes do tres universidades de Galicia, así como as de Salamanca, Sevilla e Internacional de Barcelona, ata altos funcionarios, estudosos, profesionais e profesores de Portugal e Iberoamérica. Tamén acudiron ao encontro responsables de protocolo de institucións das autonomías e do Estado e representantes de entidades colexiais e corporativas. No transcurso deste simposio debateuse sobre a situación actual das políticas de comunicación institucional vixentes en Europa e América e estableceuse un marco de conclusións sobre o alcance e a función deste esencial aspecto da actividade das empresas e as institucións.

### **Impacto mediático**

Durante os primeiros seis meses de 2011, os eventos programados na Illa de San Simón tiveron unha importante repercusión mediática. Algún dos fitos máis importantes foron:

- Difusión dos eventos en 57 países a través da web [www.illadesansimon.org](http://www.illadesansimon.org).
- Difusión a máis de seis millóns de persoas só coas actividades *#NeThinking* e *Neuromagic* en todo o mundo.
- Retorno de valor da difusión en prensa superior a medio millón de euros nas actividades *#NeThinking* e *Neuromagic*, e por asociación á imaxe dos festivais Sinsal e Vigo Transforma. Este valor case que triplica o orzamento da Fundación.

- Ampla cobertura mediática nacional, con reseñas en Arxentina, Brasil, Perú, Estados Unidos e Italia.
- O Forum Cicerón proporcionou varias bolsas e creou un emprego estable dun dos 32 estudantes participantes.

### **Actividades do segundo semestre**

Tras o éxito alcanzado durante o primeiro semestre xa se está traballando na planificación dos eventos que se celebrarán no segundo tramo do ano 2011. Entre os encontros programados destaca, xa para o mes de agosto, os denominado *Testemuñas do Futuro*, que reunirá a un grupo formado por algúns dos divulgadores científicos máis relevantes do panorama español. O obxectivo é establecer un debate ao máis alto nivel sobre os desafíos que impoñen á sociedade os continuos avances tecnolóxicos e científicos. As xornadas vincúlense simbolicamente á figura e ao legado de Julio Verne, tomando a testemuña a un dos grandes visionarios da historia no relativo aos avances tecnolóxicos que habería de alcanzar a humanidade. Verne é un das iconas da Illa de San Simón, pola alusión na súa obra *Vinte mil leguas de viaxe submarina* aos galeóns afundidos na ría de Vigo, na contorna do arquipélago. De feito, o acceso marítimo á illa está presidido por unha orixinal escultura do escritor.

Coa entrada do outono espérase unha intensa actividade na Illa do Pensamento, que recibirá a destacados xornalistas na segunda edición do *Foro Internacional Sobre Comunicación Social*, organizado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, o simposio sobre a *Sociedade do Coñecemento en España e Brasil*, coa participación do Goberno da República de Brasil, representado polo Instituto Brasileiro de Información en Ciencia e Tecnoloxía, así como as xornadas *Galicia e as Industrias Culturais na Axenda 2020*.

### **Literatura, educación e industrias culturais**

Ademais das actividades enmarcadas no proxecto Illa do Pensamento, San Simón acolleu ao longo do primeiro semestre do ano numerosos eventos vinculados tanto ás industrias culturais como a iniciativas relacionadas coa educación. Entre eles figuran o *Forum Ciceron*, celebrado no mes de abril co obxectivo de por en relación os talentos universitarios de Galicia coas empresas, e no que participaron 32 dos alumnos cos mellores expedientes das tres universidades galegas.

No que respecta ás actividades organizadas en San Simón como centro de apoio ás industrias culturais, en virtude ao convenio asinado coa Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais), a illa acolleu no mes de xuño o acto denominado *Na Senda de Creativa*, co que culminou o programa Creativa 2009-2011, impulsado pola Agadic e pola Dirección Regional de Cultura do Norte, do Ministerio de Cultura de Portugal, dentro do Programa Europeo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal. Tras presentarse un balance das actividades desenvolvidas ofreceuse unha actuación musical na que



participaron o cantante portugués David Fonseca e o grupo vigués Eladio y Los Seres Queridos.

Tamén destaca neste apartado o primeiro *Foro Internacional de Festivais Musicais*, enmarcado no Festival Vigo Transforma e que se celebrou na súa primeira xornada en San Simón, reunindo un grupo formado por destacados profesionais do deseño, produción e programación de grandes festivais de música tanto de América como de España, referentes internacionais pola notoriedade das súas marcas, a calidade das súas ofertas musicais, a envergadura das súas producións e o impacto socioeconómico en cada un dos seus territorios.

Outra das grandes citas deste semestre foi o Festival Sinsal que, tras o éxito da experiencia do ano 2010, trasladou toda a súa maquinaria ata San Simón, onde se ofreceron as propostas de 11 artistas en tres escenarios nun evento singular e exclusivo no que participaron recoñecidos creadores galegos e internacionais do eido das tendencias máis vangardistas da arte.

A literatura tamén ocupou un papel destacado no arquipélago, que volveu ser o anfitrión do acto de entrega dos Premios Xerais. Na edición de 2011 o evento contou coa presenza do conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, así como o alcalde de Redondela, Javier Bas. Xa no mes de xullo o acto máis destacado estivo vinculado tamén ás letras, xa que editores de Cataluña, Euskadi, Comunidad Valenciana e Galicia achegáronse a San Simón para celebrar o Foro Galeuscat Editores, que reuniu preto de 25 profesionais nun evento centrado no libro e a lectura temática abordada desde a perspectiva dos diversos territorios con lingua propia.

Con respecto aos próximos eventos que se celebrarán en San Simón, acollerá este ano a cuarta edición do Ciclo Espazos Sonoros, que volta á illa con dous concertos en agosto e un encontro no mes de outubro. O programa musical estará integrado por Pel de Noz e o Cubo Libre, mentres que o encontro xirará arredor da música de Rolf Lislevand.

## **O CONSELLO COÑECEU UN INFORME DE MEDIO RURAL SOBRE O PLAN DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS**

- ***Este trámite é o primeiro paso para a futura aprobación do Plan, que a partir de agora será sometido á participación e información pública e avaliado por diferentes administracións e entidades***
- ***A finalidade deste documento é establecer os criterios de xestión e definir as actuacións neste espazo protexido***

O Goberno Galego coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre o Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

O documento presentado ao Consello da Xunta dá conta do inicio do procedemento de aprobación, resultado dun importante esforzo de ano e medio de traballo, contactos e reunións cos diferentes sectores implicados presentes no Padroado do Parque Nacional. A continuación, seguirán unha serie de pasos que inclúen sometelo á participación e exposición pública e a súa revisión polas diferentes consellerías competentes, o *Consejo de la Red de Parques* (do Ministerio do Marm), o Consello Galego de Medio Ambiente, confrarías de pescadores e grupos conservacionistas, entre outros, ata a redacción do decreto que aprobará no seu día o Executivo Galego.

O PRUX ten como finalidade fundamental establecer os criterios de xestión e definir as actuacións neste espazo protexido, decretando un réxime de usos de acordo cunha zonificación (áreas de *“Reserva”, “Uso Restringido”, “Uso Moderado”, “Especial” e de “Asentamentos Tradicionais”*) e fixando as previsións sobre as actividades agrarias, de pesca e marisqueo, así como as relativas á carga máxima diaria de visitantes.

### **Usos tradicionais**

Os usos e aproveitamentos tradicionais practicados historicamente no Parque que non supoñan un impacto negativo significativo nos procesos ecolóxicos considéranse compatibles e poderán manterse, supeditados á conservación dos valores naturais. Para tal fin, cando resulte necesario, adecuaranse en intensidade, forma e demais condicións de realización para garantir a súa compatibilidade cos obxectivos do Parque.

No ámbito da investigación, o que se pretende é que o Parque se consolide como referente no que atinxe ao estudo dos espazos naturais, co apoio das universidades galegas.

### **Ferramenta de xestión**

O PRUX é un instrumento previsto na normativa de conservación do patrimonio e a biodiversidade que concreta de forma operativa os obxectivos e directrices do Plan de Ordenación dos Recursos Naturais do espazo natural. É unha ferramenta básica sobre a que se asenta a xestión do propio Parque. Está constituído por unha programación de

obxectivos, determinacións, normas de xestión e uso e programas de actuación que marcan a “folla de ruta” dos xestores para acadar e garantir a conservación deste territorio. Este Plan de Xestión ten un ámbito de aplicación que abrangue os arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada, así coma o espazo marítimo-terrestre poligonal que rodea estes.